



Marcos López

Xiana Arias Rego naceu na Fonsagrada en 1983. Traballa como xornalista cultural na Radio Galega e forma parte da banda pop 'Atrás Tigre'.

Até o de agora, publicou os poemarios *Ortigas* (Espiral Maior, 2007) grazas ao Premio Xosé María Pérez Parallé e *Acusación* (Galaxia, 2009). Con todo, textos seus aparecen tamén nos volumes colectivos *Pirata* (Brigadas de Intervención Rápida George Grosz, 2007), *To the winds our sails. Irish Writers translate Galician poetry* (Salmon poetry, 2010), *Non conciliados. Argumentos para a resistencia cultural* (Cineclub de Compostela, 2010), *Capitalismo é um feito, revolução um direito* (XXVI Festival da Poesía do Condado, 2012), *Cantares para Rosalía* (Consello da Cultura Galega, 2013), *Novas de poesía* (Fundación Novoneyra, 2014), *Fanzine Cona Vol 1 No 1* (Cona, 2014), *6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca* (Biblos, 2015) así como nas revistas Xistral, Dorna e, en moi pouco tempo, no segundo número da Revista Ligeia.

Recentemente participou como poeta do Festival dos Eidos no Courel e tamén no 'Polvorín de versos' de Chan da Pólvora, en Santiago.

POWER POLITICS (Atwood)

*Decepciónote, outra vez,
creo.*

*E vasme cantando vinte e
corenta e en cada arrastre
vas aclarando:*

*na miña opinión,
na miña opinión.*

*Pero
-sigue falando-*

*podo perderme no verde
e nin te enteras.*

Só eu sei o xesto que alí me deita.

← **(XIANA ARIAS REGO)**

Luns **26** de novembro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

POETAS

DI(n)VERSOS 2018

Víctor Rodríguez Núñez

CORUÑA
PRÓXIMA



Katherine M. Hedeon

Víctor Rodríguez Núñez (1955), nado na Habana de orixes galegas, é poeta, xornalista, crítico, tradutor e catedrático. Doutor en Literaturas Hispánicas pola Universidade de Texas en Austin, é profesor desa especialidade en Kenyon College, Estados Unidos.

Publicou dezaseis libros de poesía –case todos eles premiados e reeditados– os últimos dos cales son: *desde un granero rojo* (2013), *deshielos* (2013), *despegue* (2016), *el cuaderno de la rata almizclera* (2017 e 2018) e *enseguida [o la gota de sangre en el nivel]* (2018). Alén diso, compilacións da súa obra viron a luz en árabe, chinés, hebreo, inglés, italiano, francés, macedonio, serbio e sueco (e, seleccións algo menores de poemas, noutra ducia de linguas máis), así como en Arxentina, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Bolivia, Ecuador, España, Honduras e México.

Rodríguez Núñez ten amosado a súa obra en eventos literarios de máis de corenta países. En España recibiu os premios de poesía Renacimiento, Fray Luis de León (accésit), Leonor, Rincón de la Victoria, Jaime Gil de Biedma (accésit), Alfons el Magnànim e Fundación Loewe. Durante os anos 80 foi xefe de redacción da revista cultural cubana El Caimán Barbudo, onde publicou numerosos traballos sobre literatura e cine. Preparou tres antoloxías que definiron a súa xeración, así como *La poesía del siglo XX en Cuba* (Visor, 2011). Ademais, traduciu poesía tanto do inglés ao español (Mark Strand, John Kinsella) coma do español ao inglés (Ida Vitale, Juan Gelman).

ENTRADA

*No sé por qué camino
pero he llegado aquí
Hasta este raro sitio
sin casas ni paisaje
Este lugar desnudo
de las piedras al alma
donde el mundo germina*

*Quizás también tú llegas
siguiendo ese camino
En esta vida harta
de aciertos y certezas
solo el error nos une
La poesía es el reino
de los equivocados*

←
**(VÍCTOR
RODRÍGUEZ NÚÑEZ)**
Luns **26** de novembro
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

**POETAS
DI(n)VERSOS** 2018
Xiana Arias Rego

